



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027691	de Porto do Son	Porto do Son	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1335	Técnicas de tempo libre	2023/2024	0	107	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO SANTOS BLANCO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza proxectos de tempo libre, analizando o contexto social e os perfís dos colectivos destinatarios destes
RA2 - Organiza actividades lúdicas e de tempo libre, e determina os espazos e os recursos, así como a normativa en materia de prevención e seguridade
RA3 - Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre, aplicando técnicas e recursos de animación e expresión
RA4 - Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre no medio natural, respectando os principios de conservación, sustentabilidade e mellora do ambiente
RA5 - Organiza actividades de campamento, respectando as medidas de prevención e de seguridade e aplicando protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades desenvolvidas no medio natural
RA6 - Desenvolve actividades de seguimento e avaliación das actividades de tempo libre, e selecciona estratexias, técnicas e recursos para identificar os aspectos susceptibles de mellora

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícase o marco sociocultural en que se sitúa o proxecto
CA1.2 Analízase a congruencia das actividades do proxecto en relación ás finalidades deste
CA1.3 Xustifícase a vinculación entre as liñas de actuación do proxecto e as características das persoas destinatarias
CA1.4 Sitúanse no organigrama as funcións dos/das profesionais implicados/as no proxecto
CA1.5 Comprobase a aplicación da normativa nos proxectos de tempo libre
CA1.6 Analízanse as fases do proceso de planificación

Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Argumentouse o valor educativo do xogo
CA2.6 Establecéronse pautas para a avaliación das actividades
CA2.7 Adaptáronse as actividades para favorecer a participación de persoas con diversidade funcional
CA3.3 Xustificáronse as condutas saudables na realización das actividades
CA3.6 Argumentouse a importancia das técnicas de expresión para o desenvolvemento da creatividade das persoas usuarias
CA4.1 Analizouse a importancia da educación ambiental a través das actividades de tempo libre
CA5.2 Establecéronse os recursos materiais e humanos para establecer unha acampada individual ou colectiva, respectando as medidas de seguridade establecidas
CA5.3 Organizáronse as actividades recreativas e de tempo libre no contorno da acampada no medio natural
CA5.5 Formuláronse as medidas de prevención de riscos nas actividades de acampada e nos itinerarios, atendendo ás características do lugar en que se desenvolven
CA6.1 Establecéronse os indicadores que cómpre aplicar na avaliación das actividades recreativas e de tempo libre
CA6.2 Formalizáronse rexistros de seguimento das actividades recreativas e de tempo libre
CA6.3 Elaboráronse informes e memorias de avaliación
CA6.4 Usáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para o seguimento e a avaliación das actividades
CA6.6 Xustificouse a importancia da avaliación en actividades recreativas e de tempo libre

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Organiza actividades lúdicas e de tempo libre, e determina os espazos e os recursos, así como a normativa en materia de prevención e seguridade



Resultados de aprendizaxe do currículo
RA3 - Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre, aplicando técnicas e recursos de animación e expresión
RA4 - Desenvolve actividades recreativas e de tempo libre no medio natural, respectando os principios de conservación, sustentabilidade e mellora do ambiente
RA5 - Organiza actividades de campamento, respectando as medidas de prevención e de seguridade e aplicando protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades desenvolvidas no medio natural
RA6 - Desenvolve actividades de seguimento e avaliación das actividades de tempo libre, e selecciona estratexias, técnicas e recursos para identificar os aspectos susceptibles de mellora

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.2 Tivéronse en conta os perfís das persoas participantes na proposta de xogos
CA2.3 Seleccionáronse xogos para o desenvolvemento das habilidades sociais, intelectuais e motrices das persoas participantes
CA2.4 Asignáronse espazos, recursos e materiais para o desenvolvemento de actividades lúdicas e de tempo libre
CA2.5 Tivéronse en conta as medidas de seguridade e de prevención na organización das actividades de tempo libre educativo
CA3.1 Aplicáronse técnicas de expresión, utilizando recursos de distintos ámbitos artísticos e comunicativos
CA3.2 Adaptouse a utilización dos recursos á participación de persoas con diversidade funcional, á evolución dos intereses das persoas participantes e aos cambios do contorno
CA3.4 Utilizáronse recursos audiovisuais e informáticos como ferramentas de animación nas actividades de tempo libre
CA3.5 Acondicionáronse os espazos atendendo á potencialidade educativa das actividades e á participación das persoas con diversidade funcional
CA4.2 Aproveitáronse as características do medio natural como espazo para actividades recreativas e de tempo libre
CA4.3 Aplicáronse estratexias e pautas de actuación para o desenvolvemento de actividades educativas no medio natural
CA4.4 Xeráronse contornos seguros no medio natural, minimizando os riscos
CA4.5 Seleccionáronse os recursos para o desenvolvemento de actividades e xogos de natureza no medio natural

Criterios de avaliación do currículo

CA4.6 Establecéronse pautas para facilitar a observación e o coñecemento da flora e da fauna nas actividades recreativas no medio natural

CA5.1 Elaboráronse actividades recreativas complementarias ás rutas e aos itinerarios en función dos obxectivos e das persoas usuarias da actividade

CA5.4 Utilizáronse as ferramentas de orientación nos xogos

CA5.6 Aplicáronse protocolos de actuación en casos de situacións de emerxencia nas actividades recreativas e de tempo libre no medio natural

CA6.5 Transmitíronse os resultados da avaliación ás persoas implicadas

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MINIMOS ESIXIBLES:**

O alumno/a debe demostrar, polo menos, unha competencia suficiente (unha cualificación superior a 5 puntos sobre 10) nos criterios de avaliación recollidos na UD. 1

O alumnos/a debe demostrar, polo menos, unha boa competencia (unha cualificación superior a 6 puntos sobre 10) nos criterios de avaliación recollidos na UD. 2

Estes mínimos esixibles pretenden asegurar un correcto desempeño en tódolas manifestacións que se recollen nos resultados de aprendizaxe que marca o currículo. Neste sentido, consideramos que o "saber facer" é de especial importancia. Por iso, o grao mínimo de consecución destes criterios se establecen nun punto máis elevado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A UD1 avalirase a través dunha proba teórica e máis dun traballo persoal. A UD2 avaliarase a través dunha proba práctica. Utilizaranse como instrumentos de avaliación o exame teórico, a lista de cotexo e a táboa de observación respectivamente. O exame e a lista de cotexo cualificarase de xeito directo, e a proba práctica, a través dunha rúbrica. A cualificación en cada unha das probas valorarse de 1 ata 10, sendo imprescindible acadar, no caso da UD1, unha cualificación mínima de 5 puntos e, no caso da UD2, un mínimo de 6 puntos. Si se dan estas circunstancias, a cualificación final establecerase mediante unha media ponderada, na que a UD2 aportará un 60% da nota final e a UD1, un 40% da mesma.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

EXAME TEÓRICO: Constará de 14 preguntas de desenvolvemento, relacionadas directamente cos 14 criterios de avaliación que se manexan nos RA2- RA6 recollidos na UD1. Cada pregunta correctamente resolta sumará 1 punto á cualificación do alumno/a e esa cualificación será axustada no caso de que existan erros na mesma. O total de puntos que o alumno pode acadar é de 14 puntos que serán transformados a unha escala de 10 cunha regra de 3. Para considerarse superada esta primeira proba, o alumno/a deberá acadar, polo menos, unha cualificación igual a 5 puntos sobre 10.

PROXECTO DE INTERVENCIÓN NO TEMPO LIBRE: O alumno/a deberá deseñar e entregar un proxecto de intervención, coa descrición das características da súa proposta. Para a realización desta memoria facilitaranse os diferentes apartados que se deben abordar e que teñen unha relación directa cos CA recollidos nos RA1. Utilizarase unha lista de cotexo na que se valorará, un a un, o grao de corrección de cada un dos CA. O total de puntos que o alumno pode acadar é de 6 puntos que serán transformados a unha escala de 10 cunha regra de 3. Para considerarse superada esta primeira proba, o alumno/a deberá acadar, polo menos, unha cualificación igual a 5 puntos sobre 10.

Unha vez realizadas as dúas probas, aplicarase unha media ponderada para obter a cualificación global deste apartado, na que o exame teórico aportará un 60% da cualificación e o proxecto de intervención, un 40% da mesma.

4.b) Segunda parte da proba

PROBA PRÁCTICA. Constará de 5 apartados de execución práctica, relacionadas directamente con 5 dos RA marcados no currículo integrados dentro da UD2. A proba consistirá no desenvolvemento dunha sesión de traballo cun grupo real, na que se deberán poñer en funcionamento varios recursos e técnicas de tempo libre. Cada apartado versará sobre a seguinte temática

- Subapartado a). Presentación do grupo e proposta de sesión de xogos de presentación e xogos de cohesión grupal.
- Subapartado b). Xogos de expresión corporal e manifestacións rítmico-musicais.
- Subapartado c). Actividades educativas no medio natural.
- Subapartado d). Xogos de orientación.
- Subapartado e). Despedida e exposición de resultados

No caso de que algún dos apartados non poida ser realizado de forma correcta e/ou baixo as medidas de seguridade adecuadas para o alumno/a ou para os participantes do grupo, a proba será detida e considerarase non superada. Cada apartado correctamente resolta sumará 2 puntos á cualificación do alumno/a e esa cualificación será axustada no caso de que existan erros na mesma. Utilizarse unha rúbrica de cualificación, con 5 niveis de desempeño. O total máximo de puntos que o alumno pode acadar é de 10 puntos. Para considerarse superada esta segunda proba, o alumno/a deberá acadar, polo menos, unha cualificación igual a 6 puntos sobre 10.